

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA VINTE E TRES DE NOVEMBRO DO ANO DOUS MIL QUINCE

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as trece horas e trinta e catro minutos do d3a vinte e tres de novembro do ano dous mil quince, baixo a Presidencia do sr. alcalde, Jos3 Manuel L3pez Varela e, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, re3nese o Pleno da Corporaci3n para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para este d3a, segundo acordo adoptado polo Pleno en sesi3n extraordinaria do 20 de novembro de 2015, modificando a data do Pleno ordinario acordada polo Pleno da Corporaci3n do 19 de xu3o de 2015.

PRESIDENTE

JOS3 MANUEL L3PEZ VARELA (grupo municipal do P.P.)

CONCELLEIROS

Grupo pol3tico municipal P.P.

JOS3 RAM3N MART3NEZ BARBEITO

JES3S SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

JOS3 ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MAR3A DEL ROC3O L3PEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS
ANTONIO FRAGA BOLÓN
ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ
CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA (Incorpórase á sesión ás 13:36 horas)
JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑÓN

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora accidental da Corporación, Sonia Corral Corral.

O sr. alcalde procede a dar lectura á **“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DA LARACHA RELATIVA AO 25 DE NOVEMBRO DE 2015 –DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”** que os portavoces dos catro grupos políticos municipais acordaron, co seguinte tenor literal:

“Con motivo da conmemoración do 25 de novembro como Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, o Concello da Laracha manifesta o seu máis profundo rexeitamento a calquera forma de violencia exercida contra as mulleres.

A violencia de xénero, en calquera das súas formas, constitúe a máis clara manifestación das desigualdades que persisten entre mulleres e homes, constituíndo un atentado contra o dereito á vida, á seguridade, á liberdade, á dignidade e á integridade física e psíquica das vítimas e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

As situacións de violencia de xénero requiren dunha resposta coordinada, eficaz e interdisciplinar por parte das distintas administracións.

A través da mellora da coordinación interinstitucional e da garantía dos dereitos que o noso ordenamento xurídico reconece ás vítimas, preténdese alcanzar unha actuación rápida e efectiva centrada na prevención da violencia de xénero, unha mellor protección das mulleres e dos seus fillos e fillas e unha atención personalizada que contribúa á súa recuperación integral.

Por iso resulta imprescindible xuntar todos os esforzos para facer fronte a este grave problema público e social, apelando á unidade de todas as forzas políticas e das Administracións Públicas, contando coa implicación da sociedade no seu conxunto e apoiando o labor das organizacións especializadas da sociedade civil.

Consciente da necesidade de seguir avanzando neste ámbito, o Concello da Laracha reitera o seu absoluto rexeitamento a calquera tipo de violencia de xénero e o seu compromiso co obxectivo de alcanzar unha sociedade libre de malos tratos na que as mulleres gocen da dignidade e os dereitos que lles son inherentes, tal e como lles corresponde a todos os membros dunha sociedade libre e democrática”.

Durante a lectura da declaración institucional incorpórase á sesión Eladio Verdía García, concelleiro do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, sendo as trece horas e trinta e seis minutos.

A continuación o sr. alcalde anuncia que procederán a gardar un minuto de silencio, segundo ven sendo costume, en repulsa a toda violencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero, indicando o sr. alcalde que no que vai de ano 2015 son 48 as mulleres falecidas e 3 en investigación.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- SORTEO ELECCIÓN MEMBROS MESAS ELECTORAIS ELECCIÓN XERAIS DO 20 DE DECEMBRO DE 2015.-

De conformidade co artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, o Pleno do Concello procede a forma-las Mesas Electorais correspondentes ás vindeiras Eleccións Xerais a celebrar o día 20 de decembro do 2015, quedando constituídas polas persoas que se expresan e para os cargos que se sinalan a continuación:

DISTRITO: 01 / SECCIÓN: 001 / SUBSECCIÓN: --- / MESA: U. (CABOVILAÑO)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
SUAREZ	RABUÑAL	JOSE	Presidente
VERGARO	VARELA	LORENA	1º Vocal
GARDA	LOPEZ	MARIA MARTINA	2º Vocal
LAFUENTE	LISTA	M. LUZ	1º Suplente de Presidente
SOTO	ALDAO	EVENCIO VICENTE	2º Suplente de Presidente
VARELA	LIÑARES	DAVID	1º Suplente de 1º Vocal
AMADO	CEAN	MARIA LUISA	2º Suplente de 1º Vocal
GARCIA	GARCIA	JESUS MANUEL	1º Suplente de 2º Vocal
RODRIGUEZ	CARRILLO	MARIA PILAR	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01 / SECCIÓN: 002 / SUBSECCIÓN: --- / MESA: U. (CAIÓN)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
REY	BERTOA	FRANCISCO	Presidente
CALVETE	VEIGA	ISIDRO	1º Vocal
MARTA	MENDEZ	PATRICIA MARIA	2º Vocal
LOIS	VILLAR	MARCELINO	1º Suplente de Presidente
LAREO	PEREZ	PABLO EVARISTO	2º Suplente de Presidente
ESMORIS	IGLESIAS	JUAN	1º Suplente de 1º Vocal
LOIS	CRESPO	JOSE ANTONIO	2º Suplente de 1º Vocal
RUIZ	GALLARDO	TANIA	1º Suplente de 2º Vocal
VERDIA	LAREO	MARCELINO	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01/ SECCIÓN: 003/SUBSECCIÓN:--/MESA: A. (COIRO)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
AÑON	SANJURJO	MARTA	Presidente
AÑON	LIÑARES	JUAN	1º Vocal
GUINEA	VADILLO	ASIER JESUS	2º Vocal
RODRIGUEZ	VICENTE	MANUEL	1º Suplente de Presidente
MANTIÑAN	VARELA	DIEGO	2º Suplente de Presidente
GOMEZ	LAMAS	RUBEN	1º Suplente de 1º Vocal
COUSILLAS	ANIDO	MARIA TERESA	2º Suplente de 1º Vocal
MARIÑO	MALLO	DAVID	1º Suplente de 2º Vocal
LOPEZ	PORTO	JOSE ALBERTO	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01/ SECCIÓN: 003/SUBSECCIÓN:--/MESA: B. (ERBOEDO)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
VAZQUEZ	NAYA	LORENA	Presidente
RABUÑAL	VARELA	ROBERTO MANUEL	1º Vocal
VARELA	FABEIRO	MANUEL	2º Vocal
ARNOSO	LANDEIRA	JOSE	1º Suplente de Presidente
PENA	VARELA	ANA MARIA	2º Suplente de Presidente
MALLO	MALLO	MANUEL	1º Suplente de 1º Vocal
RABUÑAL	VARELA	ANDREA	2º Suplente de 1º Vocal
PENA	VARELA	PABLO	1º Suplente de 2º Vocal
RODRIGUEZ	RODRIGUEZ	PAULA	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01 / SECCIÓN: 004/ SUBSECCIÓN:--/ MESA: A (GOLMAR)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
MONTOUTO	FIDALGO	MARIA DEL PILAR	Presidente
SOUTO	GARCIA	JOSE LUIS	1º Vocal
COTELO	RODRIGUEZ	ASUNCION	2º Vocal
PEREZ	CARREIRA	JOSE RAMON	1º Suplente de Presidente
CAMEAN	GARCIA	J MANUEL	2º Suplente de Presidente
CASTIÑEIRA	DUBRA	MARIA TAMARA	1º Suplente de 1º Vocal
LOUREIRO	LORENZO	ROCIO	2º Suplente de 1º Vocal
VERDIA	GARCIA	CESAR ALFREDO	1º Suplente de 2º Vocal
CEDEIRA	RAMOS	ANDREA	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01/ SECCIÓN: 004/SUBSECCIÓN:--/MESA: B. (SOUTULLO)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
GARCIA	TABOADA	PAULA	Presidente
QUEIJO	RODRIGUEZ	J ANTONIO	1º Vocal
MENDEZ	IGLESIAS	MARCOS	2º Vocal
LOPEZ	MENDEZ	JUAN RAMON	1º Suplente de Presidente
GARCIA	LOPEZ	SERGIO	2º Suplente de Presidente
MOAR	FOLGAR	ALBERTO JESUS	1º Suplente de 1º Vocal
PALLAS	PREGO	JOSE	2º Suplente de 1º Vocal
RIAL	AMADO	DANIEL	1º Suplente de 2º Vocal
COTELO	SUAREZ	SANTIAGO	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01 / SECCIÓN: 005/ SUBSECCIÓN: --/ MESA: A. (LEMAIO)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
TASENDE	MOLK	MANUEL	Presidente
VARELA	LISTA	VANESA	1º Vocal
MARIÑO	MUIÑO	JESUS MANUEL	2º Vocal
FERNANDEZ	CASTRO	GEMMA VICTORIA	1º Suplente de Presidente
FERNANDEZ	ARIAS	DAVID	2º Suplente de Presidente
VITURRO	SANCHEZ	ALFONSO	1º Suplente de 1º Vocal
VILANOVA	ESMORIS	SILVIA MARIA	2º Suplente de 1º Vocal
RAMOS	RAMA	DAVID	1º Suplente de 2º Vocal
FERREIRO	BELLO	NOELIA	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01/ SECCIÓN: 005/ SUBSECCIÓN:--/ MESA: B (LENDO)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
MARTINEZ	GARDA	MARIA ELENA	Presidente
FERNANDEZ	PEREZ	CLAUDIO	1º Vocal
ALDAO	VARELA	RAMON	2º Vocal
BARBEITO	BALDOMIR	FRANCISCO	1º Suplente de Presidente
ALDAO	VARELA	JOSE MANUEL	2º Suplente de Presidente
RE CAREY	PATIÑO	FRANCISCO JAVIE	1º Suplente de 1º Vocal
RODRIGUEZ	CHANS	MANUEL	2º Suplente de 1º Vocal
PIÑEIRO	RODRIGUEZ	REBECA	1º Suplente de 2º Vocal
BALDOMIR	MALLO	KATIA	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01 / SECCIÓN: 006 / SUBSECCIÓN:-- / MESA: A. (LESTÓN)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
FERNANDEZ	SERRANO	FRANCISCO JAVIER	Presidente
IGLESIAS	REY	JOSE RAMON	1º Vocal
GARCIA	QUEIJEIRO	PABLO	2º Vocal
FRAGA	RODRIGUEZ	FRANCISCO	1º Suplente de Presidente
ANGERIZ	BARREIRO	J ANTONIO	2º Suplente de Presidente
CAAMAÑO	AÑON	MARIA	1º Suplente de 1º Vocal
BARREIRO	AÑON	SAMUEL	2º Suplente de 1º Vocal
BECERRA	PALLAS	DIEGO	1º Suplente de 2º Vocal
CRESPO	DOLDÁN	CLARA	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01 / SECCIÓN: 006 / SUBSECCIÓN:-- / MESA: B. (LESTÓN)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
PAZOS	ALVAREZ	JUAN MANUEL	Presidente
SANTOS	VILA	CARLOS	1º Vocal
SANMARTIN	CARBALLO	DAVID	2º Vocal
RODRIGUEZ	MARTINEZ	BERNAL	1º Suplente de Presidente
RODRIGUEZ	BELLO	SANTIAGO	2º Suplente de Presidente
PAZOS	NAYA	ANA ISABEL	1º Suplente de 1º Vocal
MATO	NUÑEZ	ANTONIO	2º Suplente de 1º Vocal
PALLAS	MAREQUE	TATIANA	1º Suplente de 2º Vocal
NAYA	AÑON	JESSICA MARIA	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01/ SECCIÓN: 007/ SUBSECCIÓN:--- MESA: U. (MONTEMAIOR)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
RODRIGUEZ	BELLO	MANUEL	Presidente
PARDO	COSTA	JESUS	1º Vocal
GOMEZ	SUAREZ	LUCIA	2º Vocal
RAMILO	MARTINEZ	CESARINA	1º Suplente de Presidente
CASTRO	SANCHEZ	JOSE ALFONSO	2º Suplente de Presidente
ANDRADE	MATO	ANXELA	1º Suplente de 1º Vocal
PARDO	LOUREIRO	JESUS	2º Suplente de 1º Vocal
BLANCO	BELLO	JOSE ANTONIO	1º Suplente de 2º Vocal
CASAS	PALLAS	JOSE	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01 / SECCIÓN: 008 / SUBSECCIÓN:-- / MESA: U. (SOANDRES)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
RODRIGUEZ	MURIEL	JOSE MATIAS	Presidente
GRAIÑO	CALVETE	VERONICA	1º Vocal
IGLESIAS	SILVA	JOSE LUIS	2º Vocal
GAYOSO	MAREQUE	LAURA	1º Suplente de Presidente
DOMINGUEZ	VAZQUEZ	ADRIAN	2º Suplente de Presidente
IGLESIAS	SANTOS	ANGEL LUCIANO	1º Suplente de 1º Vocal
GUILLERMO	GRELA	JOSE ANTONIO	2º Suplente de 1º Vocal
GARCIA	IGLESIAS	DAVID	1º Suplente de 2º Vocal
GARCIA	ALDAO	MARIA ADELINA	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01 / SECCIÓN: 009 / SUBSECCIÓN:-- / MESA: U. (TORÁS)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
SERRANO	FUENTEFRIA	MARIA ISABEL	Presidente
LOPEZ	ZAS	MARIA INES	1º Vocal
RAMOS	RODRIGUEZ	JESUS LUIS	2º Vocal
RAMOS	BERTOIA	INES	1º Suplente de Presidente
GESTO	COTELO	MONTSERRAT	2º Suplente de Presidente
PAIS	VAZQUEZ	JOSE	1º Suplente de 1º Vocal
VARELA	FERREIRA	HEBER	2º Suplente de 1º Vocal
LOPEZ	LOPEZ	JOSE ANTONIO	1º Suplente de 2º Vocal
RIVEIRO	LOPEZ	PATRICIA	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01 / SECCIÓN: 010 / SUBSECCIÓN:-- / MESA: U. (VILAÑO)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
NOGAREDA	GUILLIN	MARIA VANESA	Presidente
SEOANE	CORTIZAS	IVANA MARIA	1º Vocal
ARIJON	TRIGO	ANTONIO	2º Vocal
VARELA	PALLAS	ANA BEGOÑA	1º Suplente de Presidente
SEOANE	IGLESIA DE LA	JAVIER	2º Suplente de Presidente
EXPOSITO	SUAREZ	ANGEL	1º Suplente de 1º Vocal
MUIÑO	GARCIA	ARSILIA	2º Suplente de 1º Vocal
LOPEZ	SUAREZ	JOSE CARLOS	1º Suplente de 2º Vocal
CANEDO	GARCIA	ELENA	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01 / SECCIÓN: 011 / SUBSECCIÓN:-- / MESA: A. (TORÁS)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
ALEN	LOPEZ	CARLOS	Presidente
FELIPEZ	ESMORIS	ENRIQUE	1º Vocal
BELLON	FERREIRO	MANUEL	2º Vocal
DIOS	HERMIDA	GLORIA DEL P	1º Suplente de Presidente
FELIPEZ	ONGAY	MONICA	2º Suplente de Presidente
BELLO	SEOANE	MARIA	1º Suplente de 1º Vocal
CORRAL	RODRIGUEZ	PABLO	2º Suplente de 1º Vocal
CAMPOS	CARIDAD	ANTONIO	1º Suplente de 2º Vocal
ESMORIS	COTELO	MARIA DE LOS ANGELES	2º Suplente de 2º Vocal

DISTRITO: 01 / SECCIÓN: 011 / SUBSECCIÓN:-- / MESA: B. (TORÁS)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
LEIS	AÑON	MARTIN	1º Vocal
LOPEZ	CRUZ	ODILIA	2º Vocal
PREGO	RABUÑAL	MARIA LUZ	1º Suplente de Presidente
MUÑIZ	CABEZA	JOSE MANUEL	2º Suplente de Presidente
MORA	BOGA	RUBEN	1º Suplente de 1º Vocal
PEREZ	CRESPO	RUBEN	2º Suplente de 1º Vocal
PEREZ	REY	JOSE LUIS	1º Suplente de 2º Vocal
LOUREIRO	RODRIGUEZ	JAIME	2º Suplente de 2º Vocal
DISTRITO: 01 / SECCIÓN: 011 / SUBSECCIÓN:-- / MESA: C. (TORÁS)			
Apellido 1	Apellido 2	Nome	Cargo
RIOS	PEREIRA	CARLA	1º Vocal
QUEIJO	TABOADA	SANDRA MARIA	2º Vocal
QUEIJEIRO	LODEIRO	JUAN CARLOS	1º Suplente de Presidente
SOUTO	FERNANDEZ	MARIA ROSARIO	2º Suplente de Presidente
SENRA	FRAGA	SANDRA	1º Suplente de 1º Vocal
VAZQUEZ	BARBEITO	VERONICA MARIA	2º Suplente de 1º Vocal
VILLAR	NOVO	JOSE ABEL	1º Suplente de 2º Vocal
SUAREZ	IGLESIAS	VICTOR	2º Suplente de 2º Vocal

Finalmente, os membros da Corporación acordan que, para o caso de ter que nomear substitutos dalgúns dos membros das mesas designados, o sorteo levarase a cabo polo sr. Alcalde en presenza do secretario da Corporación que levantará acta co fin de deixar constancia de dita

circunstancia.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE 22/09/2015 A 19/11/2015.-

O secretario da Corporación procede a dar conta ao Pleno da Corporación de que desde a convocatoria da anterior sesión ordinaria do Pleno da Corporación o ata o pasado 19 de novembro de 2015 (día anterior á convocatoria da presente sesión plenaria), pola Alcaldía ditáronse as Resolucions nº 637 a nº 886, das que se remitiu relación detallada aos portavoces aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno, quedando o Pleno da Corporación enterado das mesmas.

3.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE AMPLIACIÓN DE DOUS EQUIPAMENTOS EDUCATIVOS.-

Neste momento, sendo as catorce horas e oito minutos, o sr. Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do B.N.G., manifesta que abandonará durante a deliberación e votación do presente asunto o seu asento no salón de sesións ao incorrer en causa de abstención recollida no art. 28.2 a) da *Ley 30/1992, de 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*.

O sr. alcalde invita ao sr. Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, a absterse por igual motivo que o sr. Sande, procedendo ambos a abandonar o seu asento no salón de sesións durante o presente asunto incorporándose a sesión posteriormente (art. 39 do Regulamento Orgánico Municipal e art. 76 da *Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local*).

De conformidade co establecido no artigo 82.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e co artigo 212.1 da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, **o Pleno da Corporación acorda por unanimidade ratificar a inclusión do asunto na orde do día** en tanto que non foi previamente ditaminado pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, xa que o documento corrixido segundo o requirimento da secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Xunta de Galicia, tivo entrada no concello o 19 de novembro, emitindo informes a arquitecta técnica municipal e o secretario o día 20 de novembro, día no que foi convocada a presente sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

O secretario da conta do expediente formado en relación co asunto do epígrafe, no que consta:

1. O concello da Laracha promoveu un plan especial que non está previsto no planeamento, e remite o documento de avance a Secretaría Xeral de Calidade e avaliación ambiental, aos efectos de determinar a aplicación da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
2. O 15 de outubro de 2012 o Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental remite copia da decisión de non sometelo a Avaliación Ambiental Estratéxica.
3. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 23 de decembro de 2013, acordou aprobar inicialmente o Plan especial.
4. O anuncio publicouse no DOG nº 15, do día 23 de xaneiro de 2014, no BOP nº 22, do día 3 de febreiro de 2014 e nos diarios La Voz de Galicia e El Ideal Gallego do día 8 de febreiro de 2014.
5. Consta que foron solicitados e recibidos os pertinentes informes sectoriais agás os informes solicitados á Sección Minería da Consellería de Economía e Industria e á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural e do Mar (ao abeiro do disposto no artigo 66 da

Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia).

6. Durante a información pública formuláronse 11 alegacións (números de rexistro 721/2014, 759/2014, 760/2014, 804/2014, 920/2014, 921/2014, 933/2014, 934/2014, 985/2014, 1006/2014 e 1007/2014).
7. A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24 de setembro de 2015, acordou aprobar provisionalmente o Plan especial.
8. En resposta as contestacións das alegacións, foron presentados sendos escritos:
 - a. América Regueira Souto presenta escrito con data de entrada do 3 de novembro de 2015 (rexistro nº 6527/2015) solicitando: 1 compensación económica pola súa contribución a este ben común, 2 informe sobre si a edificabilidade e a cualificación da súa parcela se verá afectada polas medidas de ampliación da calzada.
 - b. Amelia Rodríguez Veira, no seu nome e en representación dos seus irmáns presenta escrito de data de entrada 9 de novembro de 2015 (rexistro nº 6671/2015) solicitando: se admita como propiedade dos alegantes unha franxa de terreo que non se grafía como parcela na cartografía catastral, aínda que fisicamente a maior parte está delimitada por muros, ou ben un prazo de tempo para xestionar ante o Catastro a titularidade de dito terreo.
9. A Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Xunta de Galicia, emite con data 10 de novembro de 2015, sobre o documento presentado polo Concello da Laracha, en cumprimento do trámite disposto polo artigo 86.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, informe favorable previo a aprobación definitiva, condicionado a que se definan nos planos de ordenación os ámbitos obxecto do plan especial.
10. El documento corrixido ten entrada no concello o 19 de novembro de 2015 (rexistro de entrada nº 6867) emitindo informe o 20 de novembro de 2015 a arquitecta técnica municipal e o secretario da Corporación en relación co presente asunto.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, manifesta que votarán a favor porque a ampliación é necesaria sobre todo no IES porque fan falta equipamentos deportivos para a xente nova, aínda que entenden que deberían estar todo o espazo educativo e deportivo na mesma zona.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, órgano competente en virtude do disposto no artigo 22.2.c da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e, **por unanimidade dos membros presentes** e, en consecuencia **por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación**, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Dar traslado a América Regueira Souto do informe emitido pola arquitecta técnica no que sinala que *“en canto á que a súa parcela se ve afectada en maior medida que a dos veciños por estar edificadas, é certo no vento leste da mesma, sendo no vento oeste maior a afección da colindante e seguintes, de todos xeitos no momento da expropiación teranse en conta todas as circunstancias que afectan a parcela e serán valoradas para determinar o prezo xusto; en canto á clasificación e cualificación do solo non se modifica e continua cumprindo coa condición de parcela mínima, que consonte co establecido no artigo 24 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e no artigo 7.1.7 do Plan xeral de ordenación municipal, cando se pretendan construír novas edificacións ou substituír as existentes os propietarios deberán cederlle gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso, polo que a única merma nos seus dereitos é a do cómputo da edificabilidade que se computa sobre a parcela bruta, a cal no momento da expropiación como se dixo debe ser valorada, se ben podería propor a determinación do prezo xusto por mutuo acordo no expediente expropiatorio cunha parte do prezo en especie o ben mediante un convenio de xestión urbanística cunha menor valoración económica do solo conservando a edificabilidade correspondente a actual parcela bruta”*.

SEGUNDO.- Comunicar a Amelia Rodríguez Veira e irmáns que o expediente expropiatorio instruírase cos titulares catastrais, sen prexuízo de acreditar a titularidade mediante certificacións rexistras e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, en tanto que os pagos das expropiacións unicamente se realizan a prol dos titulares rexistras do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente o Plan especial de ampliación de dous equipamentos educativos (PE EE), tramitado de oficio polo Concello, segundo o proxecto redactado pola empresa Monteoliva Arquitectura, S.L.P, datado do mes de novembro de 2015.

CUARTO.- Publicar o acordo no Diario Oficial de Galicia e o articulado das normas do plan especial, así como o acordo correspondente no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se publicase completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 abril, de Bases do réxime Local.

QUINTO.- Notificar persoalmente aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo expediente o presente acordo, comunicándolles que o mesmo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do texto no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO.- Ordenar ao secretario da Corporación que dilixencia os planos e documentos aprobados definitivamente.

SÉTIMO.- Consonte co disposto no artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, comunicar a aprobación definitiva

a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, á vez que se lle dará traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente.

Sendo as catorce horas e catorce minutos, reincorpóranse á sesión o sr. Sande Muñiz e o sr. Antelo Añón.

4.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.-

O sr. alcalde nesta parte da sesión ordinaria dedicada ao control dos órganos de goberno, pregunta si algún grupo político municipal desexa tratar algunha **MOCIÓN** polo procedemento de urxencia, tomando a palabra o grupo político municipal do BNG que presenta as seguintes **MOCIÓNS**:

1.- N° REXISTRO 6863/2015.-

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do B.N.G., en relación coa posibilidade, que entende positiva, de que o concello se adhira á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Adherir ao concello da Laracha á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

O sr.alcalde manifesta que estudouse no seu momento adherirse á APLU, pero a Axencia ten as súas competencias propias e para as municipais é máis resolutivo que o propio concello dea resposta aos problemas que se plantexan porque parécenos máis rápido e permite o contacto directo co cidadán e, cando se ten coñecemento dunha infracción que compete á APLU ponse no

seu coñecemento.

O sr. Sande Muñiz insiste en que a adhesión á APLU non obsta a que os servizos municipais sigan funcionando.

Insisten ambos na súa postura, procedendo o sr. alcalde a someter a votación a urxencia da moción, obtendo o seguinte resultado: *doce (12) votos en contra dos concelleiros do grupo político municipal do PP e cinco (5) a favor dos concelleiros dos grupos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto*, quedando, en consecuencia, **desestimada a mesma**.

2.- Nº REXISTRO 6864/2015.-

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do B.N.G., en relación co centenario o vindeiro ano 2016 da creación das Irmandades da Fala, solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Acordar, consonte co acordo unánime do Parlamento de Galicia do 29 de abril de 2015, instar ao Goberno Galego a declarar 2016 “Ano das Irmandades da Fala”, establecendo para iso un programa de actividades conducentes a divulgar a toda a sociedade galega o coñecemento do encomiable labor desta organización, animada polo propósito de traballar pola consecución dunha Galicia máis culta, libre, xusta e comprometida consigo mesma, e a dotar os fondos necesarios nos orzamentos da Xunta de 2016 para executar ese programa.

2.- Comprometerse a colaborar coa administración pública e coas asociacións, organizacións e colectivos e entidades da contorna para difundir a historia das Irmandades da Fala e á súa contribución ao traballo pola lingua e culturas galegas.

José Ramón Martínez Barbeito, portavoz do grupo político municipal do P.P., argumenta a posición do seu grupo político municipal a prol da urxencia da moción, manifestando que xa o

grupo popular no Parlamento de Galicia apoiou a aprobación dunha proposición non de lei a través da que se instou á Xunta de Galicia á declaración do 2016 como Ano das Irmandades da Fala, así como a realización dun programa de actividades para divulgar o seu labor a prol da lingua e cultura de Galicia, así como na promoción da nosa identidade como pobo. Continúa o sr. Martínez Barbeito explicando que as Irmandades da Fala medraron con rapidez porque foron quen de recoñecer a realidade plural de Galicia desenvolvendo un proxecto baseado no criterio de non destruír a ninguén nin facer imposicións de ningún tipo. Remata o sr. Martínez Barbeito dicindo que o Partido Popular de Galicia respecta a pluralidade política, sobre todo cando é expresada con lealdade e nobreza, como fixeron as Irmandades da Fala, a quen debemos un tributo impagable na defensa da identidade de Galicia como suxeito político propio dentro dun contexto xeral de rexeneración do país e, precisamente esta diversidade das Irmandades, moi lonxe de constituír unha debilidade, contribuíu de maneira decisiva a que a influencia do galeguismo penetrara en todos os ámbitos da sociedade, polo que o Partido Popular da Laracha desexa que a lucidez que tiveron as Irmandades da Fala, para unirse en torno ao que era común e para saber ler o que necesitaba a sociedade galega, sirva tamén para defender o galego entre todos.

O sr. alcalde procede a **someter a votación a urxencia** da moción resultando que foi votada en sentido favorable *por unanimidade dos membros presentes*, dando paso ao debate do fondo do asunto.

Sometido a votación **o fondo do asunto** resulta que, o Pleno Corporación *por unanimidade dos membros presentes*, adopta o seguinte acordo:

1.- Acordar, consonte co acordo unánime do Parlamento de Galicia do 29 de abril de 2015, instar ao Goberno Galego a declarar 2016 “Ano das Irmandades da Fala”, establecendo para iso un programa de actividades conducentes a divulgar a toda a sociedade galega o coñecemento do

encomiable labor desta organización, animada polo propósito de traballar pola consecución dunha Galicia máis culta, libre, xusta e comprometida consigo mesma, e a dotar os fondos necesarios nos orzamentos da Xunta de 2016 para executar ese programa.

2.- Comprometerse a colaborar coa administración pública e coas asociacións, organizacións e colectivos e entidades da contorna para difundir a historia das Irmandades da Fala e á súa contribución ao traballo pola lingua e culturas galegas.

Toma a palabra o grupo municipal do Partido Popular que presenta as seguintes **MOCIÓNS**:

1º.- Nº REXISTRO 5468/2015.-

José Ramón Martínez Barbeito, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, en relación coa crise de prezos que ven sufrindo o sector lácteo galego en xeral e deste concello en particular, propón á Corporación municipal da Laracha a aprobación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do Concello da Laracha á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas “Galega 100%”.

SEGUNDO: Promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de “Galega 100%” entre os consumidores en xeral.

TERCEIRO: Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:

a) Difusión da campaña publicitaria de “Galega 100%”.

- b) Accións de concienciación coas asociacións de consumidores mediante o reparto de leite “Galega 100%” e a visita de explotacións gandeiras e industrias lácteas adheridas a “Galega 100%”.
- c) Accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo “Galega 100%”.
- d) Medidas de entrega de leite “Galega 100%” nos principais eventos lúdico-festivos e deportivos da provincia.

CUARTO: Solicitar a Deputación da Coruña que elabore un Plan de apoio ao sector lácteo para a mellora da calidade do leite nas explotacións gandeiras do Concello Laracha en colaboración coas cooperativas, de forma coordinada con outras que se acheguen desde a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural e Mar.

O sr. alcalde procede a **someter a votación a urxencia** da moción resultando que foi votada en sentido favorable *por unanimidade dos membros presentes*, dando paso ao debate do fondo do asunto.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do B.N.G., manifesta que están de acordo en que se consuma leite galego de orixe galego e de empresas de capital galego, e a poder ser de proximidade, mais non debe quedar só nesas accións que plantexa a moción porque non resoven a situación crítica das granxas por mor do prezo miserable que reciben polo leite. Engade que Galicia produce o 40% do leite en España, polo que debeu liderar, e non ser espectador, dun acordo para a defensa do sector lácteo que non serviu senón para a que a distribución mellorara os seus beneficios. Conclúe dicindo que están a favor da moción pero que é necesario máis, moito máis, máis implicación do goberno galego nun sector básico.

O sr. alcalde remata o debate dicindo que porque é básico traen esta moción.

Sometido a votación **o fondo do asunto** resulta que, o Pleno Corporación *por unanimidade dos membros presentes*, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do Concello da Laracha á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas “Galega 100%”.

SEGUNDO: Promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de “Galega 100%” entre os consumidores en xeral.

TERCEIRO: Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:

- a) Difusión da campaña publicitaria de “Galega 100%”.
- b) Accións de concienciación coas asociacións de consumidores mediante o reparto de leite “Galega 100%” e a visita de explotacións gandeiras e industrias lácteas adheridas a “Galega 100%”.
- c) Accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo “Galega 100%”.
- d) Medidas de entrega de leite “Galega 100%” nos principais eventos lúdico-festivos e deportivos da provincia.

CUARTO: Solicitar a Deputación da Coruña que elabore un Plan de apoio ao sector lácteo para a mellora da calidade do leite nas explotacións gandeiras do Concello Laracha en colaboración coas cooperativas, de forma coordinada con outras que se acheguen desde a Unión Europea, o

Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural e Mar.

2º.- Nº REXISTRO 6921/2015.-

José Ramón Martínez Barbeito, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, en relación coa declaración secesionista que determinadas formacións políticas queren levar ao Parlamento de Cataluña, desafío ao marco de convivencia e concordia que representa a nosa Constitución, propón ao Pleno á adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Manifestar a firme intención do concello da Laracha de defender e por en valor o Estado das Autonomías e os dereitos e liberdades garantidos pola Constitución Española.

SEGUNDO: Rexeitar calquera actuación ou declaración que atente contra a unidade de España e poña en risco o actual marco de convivencia e concordia.

TERCEIRO: Instar a todas as Institucións democráticas á defensa do Estado de Dereito e ao cumprimento da legalidade ante calquera actuación que atente contra a indisoluble unidade da Nación Española.

CUARTO: Comunicar este acordo á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, manifesta que consideran necesaria a reforma da Constitución Española pero que non están de acordo co plantexamento separatista.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do B.N.G., afirma que este si é

un asunto que afecta directamente aos veciños da Laracha engadindo que, na argumentación falan dos que votaron a Constitución cando por exemplo el ven de cumprir onte 45 anos e non a votou, polo que dos españois de hoxe poucos votaron e ademais a participación non foi moi alta, concluíndo que unha reforma constitucional é necesaria. Remata dicindo que si os cidadáns dunha nación maioritariamente queren ser unha nación independente deben ter dereito a decidilo e que, cando a Unión Europea dixo que había que reformar a Constitución para mellorar a situación dos bancos fíxose de hoxe para mañá sen debates nin nada, polo que o que semella e que hai principios que non interesa defender.

O sr. alcalde procede a someter a votación a urxencia da moción resultando que foi votada en sentido favorable *por doce (12) votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP e cinco (5) en contra correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto*, dando paso ao debate do fondo do asunto.

O sr. Alcalde somete a votación **o fondo do asunto**, resultando que, o Pleno da Corporación, *por doce (12) votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP e cinco (5) en contra correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto*, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Manifestar a firme intención do concello da Laracha de defender e por en valor o Estado das Autonomías e os dereitos e liberdades garantidos pola Constitución Española.

SEGUNDO: Rexeitar calquera actuación ou declaración que atente contra a unidade de España e poña en risco o actual marco de convivencia e concordia.

TERCEIRO: Instar a todas as Institucións democráticas á defensa do Estado de Dereito e ao cumprimento da legalidade ante calquera actuación que atente contra a indisoluble unidade da

Nación Española.

CUARTO: Comunicar este acordo á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.

A continuación o grupo político municipal do B.N.G. formula os seguintes **ROGOS:**

1º.- Nº REXISTRO 6862/2015.-

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do B.N.G., en relación cunha fochanca na 1ª travesía da rúa Doctor López Astray que supón un evidente perigo ao estar preto do cruce, solicita a adopción de medidas para a eliminación desa fochanca.

O sr. alcalde contesta que esa rúa está previsto no Plan Xeral que sexa de sentido único, con beirarrúas e aparcamento e mesmo a súa conexión coa rúa Manuel Fraga Iribarne, pero para elo teñen que abrirse antes outras rúas que permitan a circulación sobre todo de cara ao centros escolares.

A continuación o grupo político municipal do B.N.G. formula as seguintes **PREGUNTAS:**

1º.- Nº REXISTRO 6861/2015.-

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do B.N.G., en relación cun anuncio da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística publicado no DOG o 16 de outubro, emprazando a unha persoa para o trámite de audiencia no expediente de reposición da legalidade urbanística COR/264/2014-RP1, en relación con obras de parcelación urbanística e execución de 8 construcións no lugar de Ribela-Vilaño, en solo rústico de protección natural, formula as seguintes preguntas: non tiveron coñecemento desde o goberno municipal, en ningún momento,

da realización destas construcións en solo rústico de protección natural? Non tivo coñecemento o goberno municipal da presentación dalgunha denuncia, con anterioridade á publicación no DOG do anuncio da APLU mencionado, sobre estas construcións en solo rústico de protección natural? En caso de ser coñecedores da existencia das construcións, ou da denuncia ou denuncias, fixeron algunha actuación desde o concello para a reposición da legalidade urbanística? Fixeron algo ao respecto logo da publicación do anuncio no DOG e polo tanto de que fose de público coñecemento a existencia das devanditas construcións ilegais polas que a APLU abriu expediente de reposición da legalidade urbanística?.

O sr. alcalde explica que trala recepción da denuncia procedeuse á comprobación por técnico municipal e remitiuse á APLU por ser un solo de especial protección e polo tanto da súa competencia, a continuación a APLU instruíu o expediente e o sr. alcalde tivo reunións tanto cos afectados como co Director da APLU para coñecer a situación do expediente e das posibles medidas que poderán adoptar, pero insiste en que a resolución do expediente corresponde á APLU.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e corenta e dous minutos, da que estendo a presente acta, da que, como secretario, dou fe.

Vº e prace

O alcalde

O secretario